

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Bases reguladoras XXIII Concurso de Poesía Concello de Carral

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carral, na súa sesión ordinaria realizada o vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte, en uso da atribución delegada polo Señor Alcalde mediante decreto 315/2019, do 18 de xullo, entre outros, adoptou os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar as bases polas que se rexerá a concesión do premio do XXIII Concurso de poesía “Concello de Carral”.
- 2.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 2.500,00 euros, correspondente ao premio que se outorgará no devandito certame.
- 3.- Continuar o procedemento segundo o indicado nas bases, mediante a publicación da convocatoria do concurso polos medios indicados naquelas (páxina web do Concello –www.carral.es) e adicionalmente no taboleiro de anuncios da Casa da Cultura do Concello de Carral, no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- 4.- A Intervención do Concello, en aplicación do establecido nos artigos 2.1.a), 3.1.c), 4 e 10.1.par 2º do Real Decreto 130/2019, do 08 de marzo, polo que se regula a base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, haberá de comunicar a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a publicación do extracto da convocatoria, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) LXS. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), até o 03 de abril de 2020.

ANEXO

“BASES

XXIII CONCURSO DE POESÍA

“CONCELLO DE CARRAL”

1.- O Concello de Carral, coa colaboración da Consellería de Cultura e Turismo, convoca a 23ª edición do Concurso de Poesía Concello de Carral.

2.- Poderán optar ao premio todos os autores/as maiores de idade e de calquera nacionalidade, sempre que o seu traballo se presente escrito en lingua galega. Non poden participar gañadores e gañadoras deste concurso das últimas oito edicións.

3.- Fíxase un premio único de **2.500 euros**. O xurado pode declarar deserto o premio. Sobre a contía do premio aplicaranse as retencións fiscais oportunas.

4.- Os traballos, cunha extensión mínima de 500 versos, serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos no momento das deliberacións do xurado. Os autores responsabilízanse de lle comunicar á organización, dun xeito inmediato, a concesión doutros premios acadados a partir da remisión dos orixinais.

Os traballos presentaranse por triplicado, mecanografados con dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e coas páxinas numeradas. Cada copia dos traballos presentarase cunha portada na que figuren o título da obra e o lema ou alcume do autor/a, coincidindo no exterior co sobre pechado que debe acompañar á obra, e que conterá no interior o nome e apelidos do autor/a, DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve currículo que incida na súa traxectoria literaria se a houbese.

5.- As obras presentaranse na Casa da Cultura, Rúa de Paleo, 17, 15175, Carral, A Coruña. Tel. 981 672 580.

6.- O prazo de admisión de orixinais estará aberto ata o **3 de abril de 2020**.

7.- As deliberacións do xurado son secretas, e delas estenderase a acta correspondente. A decisión do xurado farase pública na primeira quincena do mes de maio e o acto de entrega do premio terá lugar o 29 de maio de 2020 no que é obrigatoria a presenza do gañador ou gañadora do premio.

8.- O xurado estará presidido polo alcalde do Concello de Carral ou concelleiro ou concelleira na que delegue, e formarán parte del dúas persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e o autor gañador da edición anterior deste concurso. Actuará como secretario o técnico municipal de Cultura do Concello de Carral. O xurado será nomeado polo alcalde e darase a coñecer antes de realizar as deliberacións.

9.- O título do traballo gañador e o nome e apelidos do seu autor/a daranse a coñecer mediante unha comunicación persoal (chamada telefónica) ao autor/a premiado/a, na web municipal www.carral.es, así como no taboleiro de anuncios da Casa da Cultura do Concello de Carral (Rúa de Paleo 17, Carral).

10.- Establécese un período de dez (10) días desde a decisión do xurado para presentar alegacións á citada decisión. As reclamacións, que se tramitarán ante o Rexistro municipal de Carral, serán valoradas e contestadas polo xurado.

11.- O Concello de Carral reservarase o dereito de publicar a obra gañadora e os dereitos de autor da primeira edición.

12.- As obras non premiadas poderán ser retiradas polos seus autores ou polas persoas nas que deleguen, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á resolución do xurado. Non se devolverán traballos por correo nin por empresas de mensaxes. As obras que non sexan retiradas no prazo indicado destruíranse.

13.- Correspóndelle ao xurado a interpretación das presentes bases.

14.- A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

15.- Toda a información relativa ao concurso publicarase na web municipal www.carral.es."

Contra o contido destes acordos da Xunta de Goberno Local, adoptados por delegación da Alcaldía, e que poñen fin á vía administrativa (art.114.1.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas), as persoas interesadas poderán interpoñer os seguintes recursos:

RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, perante o Señor Alcalde (art. 115 c) ROF), no prazo dun mes a partires do día seguinte a aquel no que se realice esta publicación (arts. 112 e 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, perante o órgano da Xurisdicción Contencioso-Administrativo que indica a Lei 29/1988, de 13 de xullo e no prazo establecido nela.

CALQUERA OUTRO que os interesados estimen oportuno.

Carral, 24 de xaneiro de 2020

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

La Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Carral, en su sesión ordinaria realizada el veintitrés de enero de dos mil veinte, en uso de la atribución delegada por el Señor Alcalde mediante decreto 315/2019, del 18 de julio, entre otros, adoptó los siguientes acuerdos:

- 1.- Aprobar las bases por las que se regirá la concesión del premio del XXIII Concurso de poesía “Concello de Carral”.
- 2.- Autorizar el gasto por un importe máximo de 2.500,00 euros, correspondiente al premio que se otorgará en dicho certamen.
- 3.- Continuar el procedimiento según lo indicado en las bases, mediante la publicación de la convocatoria del concurso por los medios indicados en aquéllas (página web del Ayuntamiento –www.carral.es) y adicionalmente en el tablón de anuncios de la Casa de la Cultura del Ayuntamiento de Carral, en el tablón de edictos de la Casa Consistorial y en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña.
- 4.- La Intervención del Ayuntamiento, según lo establecido en los artículos 2.1.a), 3.1.c), 4 y 10.1.par 2º del Real Decreto 130/2019, de 08 de marzo, por el que se regula la base de Datos Nacional de Subvenciones y la publicidad de las subvenciones y demás ayudas públicas, habrá de comunicar la convocatoria a la Base de Datos Nacional de Subvenciones para la publicación del extracto de la convocatoria, de conformidad con el previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.a) LGS. El plazo de presentación de solicitudes estará abierto desde la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña (BOP), hasta el 03 de abril de 2020.

ANEXO

“BASES

XXIII CONCURSO DE POESÍA

“CONCELLO DE CARRAL”

- 1.- El Ayuntamiento de Carral, con la colaboración de Consellería de Cultura y Turismo, convoca la 23ª edición del Concurso de Poesía Concello de Carral.
- 2.- Podrán optar al premio todos los autores/as mayores de edad y de cualquier nacionalidad, siempre que su trabajo se presente escrito en lengua gallega. No pueden participar ganadores y ganadoras de este concurso de las últimas ocho ediciones.
- 3.- Se fija un premio único de **2.500 euros**. El jurado pode declarar desierto el premio. Sobre la cuantía del premio se aplicarán las retenciones fiscales oportunas.
- 4.- Los trabajos, con una extensión mínima de 500 versos, serán originales, inéditos y no premiados en otros concursos en el momento de las deliberaciones del jurado. Los autores se responsabilizan de comunicarle a la organización, de una manera inmediata, la concesión de otros premios conseguidos a partir de la remisión de los originales.
Los trabajos se presentarán por triplicado, mecanografiados con doble espacio por una sola cara, debidamente grapados o encuadernados, y con las páginas numeradas. Cada copia de los trabajos se presentará con una portada en la que figuren el título de la obra y el seudónimo o apodo del autor/a, coincidiendo en el exterior con el sobre cerrado que debe acompañar a la obra, y que contendrá en el interior el nombre y apellidos del autor/a, DNI, dirección, número de teléfono, correo electrónico y un breve currículum que incida en su trayectoria literaria si la hubiera.
- 5.- Las obras se presentarán en la Casa de la Cultura, Rúa de Paleo, 17, 15175, Carral, A Coruña. Tel. 981 672 580.
- 6.- El plazo de admisión de originales estará abierto hasta el **3 de abril de 2020**.
- 7.- Las deliberaciones del jurado son secretas, y de ellas se extenderá el acta correspondiente. La decisión del jurado se hará pública en la primera quincena del mes de mayo y el acto de entrega del premio tendrá lugar el 29 de mayo de 2020 en el que es obligatoria la presencia del ganador o ganadora del premio.
- 8.- El jurado estará presidido por el alcalde del Ayuntamiento de Carral o concejal o concejala en la que delegue, y formarán parte de él dos personas de reconocido prestigio en el campo de la poesía gallega y el autor ganador de la edición anterior de este concurso. Actuará como secretario el técnico municipal de Cultura del Ayuntamiento de Carral. El jurado será nombrado por el alcalde y se dará a conocer antes de realizar las deliberaciones.
- 9.- El título del trabajo ganador y el nombre y apellidos de su autor/a se darán a conocer mediante una comunicación personal (llamada telefónica) al autor/a premiado/a, en la web municipal www.carral.es, así como en el tablón de anuncios de la Casa de la Cultura del Ayuntamiento de Carral (Calle de Paleo 17, Carral).

10.- Se establece un período de diez (10) días desde la decisión del jurado para presentar alegaciones a la citada decisión. Las reclamaciones, que se tramitarán ante el Registro municipal de Carral, serán valoradas y contestadas por el jurado.

11.- El Ayuntamiento de Carral se reservará el derecho de publicar la obra ganadora y los derechos de autor de la primera edición.

12.- Las obras no premiadas podrán ser retiradas por sus autores o por las personas en las que deleguen, en el plazo de un mes, contado desde el día siguiente a la resolución del jurado. No se devolverán trabajos por correo ni por empresas de mensajería. Las obras que no sean retiradas en el plazo indicado se destruirán.

13.- Le corresponde al jurado la interpretación de las presentes bases.

14.- La participación en esta convocatoria supone la total aceptación de estas bases.

15.- Toda la información relativa al concurso se publicará en la web municipal **www.carral.es**."

Contra el contenido de estos acuerdos de la Junta de Gobierno Local, adoptados por delegación de la Alcaldía, y que ponen fin a la vía administrativa (art.114.1.c) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las Administraciones Públicas), las personas interesadas podrán interponer los siguientes recursos:

RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, ante el Señor Alcalde (art. 115 c) ROF), en el plazo de un mes a partir del día siguiente a aquel en el que se realice esta publicación (arts. 112 y 125 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las Administraciones Públicas).

RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, ante el órgano de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa que indica la Ley 29/1988, de 13 de julio y en el plazo establecido en ella.

CUALQUIER OTRO que los interesados estimen oportuno.

Carral, 24 de enero de 2020

EI ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

2020/562